

O POETA CURROS ENRÍQUEZ CONTRA FRANCO

Xesús Alonso Montero

Ningún lector, por inocente que sexa, vai entender *ad litteram* o título deste traballo. En efecto, Curros, que falecera en 1908, cando Francisco Franco Bahamonde, con 15 anos, era un cadete na Academia de Infantería, non exercitou a súa pluma contra el. O poeta Curros Enríquez, que veu ó mundo para denuncia-las eivas sociais e ós seus responsables, non utilizou a súa lira de bronce, por razóns cronolóxicas, contra a Galicia franquista. Sen embargo, a esclarecedora “lira torva” de Curros vai estar presente, dalgún xeito, contra aquela tiranía e contra o Tirano.

Nesas datas houbo poetas só interesados en facer poesía contra a infamia dos sublevados. Eses poetas, ó mirárense no espello da poesía civil galega, bateron, forzosamente, co máis ilustre dos seus cultivadores: bateron, fatalmente, co nome de Manuel Curros Enríquez, a musa cívica máis afiada e de máis talento literario do Parnaso galego anterior á Guerra Civil. Imos ver, neste traballo, textos poéticos nos que os seus autores invocan unha e outra vez o nome de Curros cal se implorasen os acentos da súa lira xusticeira para solidarizárense coas vítimas do infortunio político na “Galicia mártir” e para execraren ós seus verdugos. Curros Enríquez -o Curros dunha egrexia lira de bronce- foi lembrado, evocado, añorado e, dalgunha maneira, convocado, polos poetas republicanos, para execrar a Franco e xostrega-lo franquismo.

1. Un versificador eficaz, digno de mellor sorte literaria: José María Acebo

¡MERCENARIOS DE LA PLUMA!

EN RECUERDO DE NUESTRO POETA REBELDE CURROS ENRÍQUEZ.

Tú ante nadie humillaste tu cabeza
ni cantaste a los reyes ni a los papas.
Tu musa fue el gemir de los humildes,
el llanto de las madres y los parias.
Si ahora vivieras, tronarías de nuevo
contra los que asolaron nuestra Patria,
y caerías sobre los traidores
haciendo de tu pluma fuerte espada;

acosando a felones y tiranos,
que tienen yerta y corrompida el alma
por el cieno ruin de sus soberbias;
y sería para ti más que un monarca
cualquier labriego de la tierra celta,
y más que una duquesa una aldeana;
y el pontífice, igual a cualquier hombre
convertido en un dios por la ignorancia.
Tú a todos medirías por igual,
haciendo de tu pluma justa vara,
sin doblar la cerviz ante el dinero
ni temer la pobreza y la amenaza.
Tú no estarías entre los Pemanes
y los Maeztu y los Fernández Arias
y otros cual ellos, viles mercenarios,
sometidos al oro y a la gracia
del mercader que compra sus escritos,
igual que a una ramera mal pagada
a la que obliga a someterse inerme,
su insolencia alabando en rimas fatuas.
¿Podrán a ti ninguno compararse?
A su historial de esclavos, ¿qué les aguarda
en la posteridad? Ni el aprecio del pueblo,
ni recuerdo de amor, ni honra, ni fama.
¿Pero es que el genio os concedió la suerte
para prostituirlo, cual mundana
que arrastra su belleza en los prostíbulos,
entregándose a aquel que más la paga?
Poetas mercenarios, que las liras
prostituíis, y con servil y baja
adulación cantáis del potentado las hazañas
y execráis a los mártires, que dieron
su sangre y su cerebro, y cuanto amaban,
por destruir el despotismo insano
de los que desangraron nuestra Patria
y la llenaron de vergüenza y lutos...,
a los que un día execrará en sus páginas
el libro de la Historia, como a vosotros mismos,
lacayos de su oro y de su fama.

En tanto, los poetas que del Pueblo
cantaron sus miserias y sus ansias
por él serán queridos y alabados;
y sus nombres, grabados en sus almas,
irán siglo tras siglo transmitiéndose
como una herencia fúlgida y sagrada
de unos labios en otros, hasta alzarles
con corazones una excelsa estatua...
entre el desdén del mismo que hoy os paga,
cual muere la ramera que gozaron
y arrojaron después como chanela.
Curros vivirá siempre entre nosotros,
como viven Añón, Pondal y Lamas;
cubiertos con laureles y cariños
de América del Sur y de Cantabria.
Sus obras correrán el mundo entero
en alas del amor y de la fama;
las vuestras quedarán en los desvanes
o volarán al Rastro abandonadas.
Mercenarios del genio y de la pluma,
la gloria con el vientre no se alcanza¹.

O poema é un alegato contra aqueles poetas que venden a súa pluma (ós potentados), alegato que parece dictado polo propio Curros, o Curros que en “Encomenda” (e noutros poemas) postula este tipo de poesía que é a que canta na súa “lira torva”:

Castigo prós verdugos
prós mártires coroas,
consolo prós escravos
latexa nesa corda.
Fustiga prós tiranos
prós déspotas argola,
nela dormenta o himno
grorioso dos ilotas.

José María Acebo non retrata mal ó noso poeta cando predica del xa nos primeiros versos seus:

Tú ante nadie humillaste tu cabeza

ni cantaste a los reyes ni a los papas.
 Tu musa fue el gemir de los humildes,
 el llanto de las madres y los parias.

Un poeta desta feitura moral e literaria se agora vivise tronaría de novo
 contra los que asolaron nuestra patria.

Non é a primeira vez que José María Acebo invoca e bota de menos a lira bronceína
 de Curros. O poema “Yo propongo”² comeza con estes versos:

Si tuviera de nuestro gran Curros
 la pluma y la frente
 cantaría con versos sublimes
 la gesta valiente
 que grabaron con nervios y sangre
 aquellos diez héroes
 que antes de entregarse al fascio asesino
 rompieron sus sienas
 muriendo en el fondo de un bou...

Refírese Acebo neste poema ós antifascistas galegos que intentaron fuxir de Vigo no bou Eva o 23 de abril de 1937 e que, cercados polos falanxistas, suicidáronse antes de caeren nas mans dos que, antes de matalos, torturaríanos. Eran nove -non dez, como di o poema-, oito homes e unha muller (Carmen Miguel Agra, esposa dun dos inmolados, Ángel Nogueira Nogueira); entre os homes, dous curmáns de Castelao, Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao. Sabemos por un maxistral artigo de Rafael Dieste³ (e por outras fontes) que os falanxistas chegaron a introducir na bodega do bou, na que os fuxitivos se refuxiaran, mangueriras con auga fervendo, momentos nos que empezaron a soa-los disparos⁴.

José María Acebo, que canta esta inmolación, é consciente de que este tipo de cantos require unha musa como a do “gran Curros”.

José María Acebo publicou os poemas citados, e once máis, nas páxinas de *Nueva Galicia (Portavoz de los antifascistas gallegos)*⁵ entre o número 7 (27-VI-1937) e o 37 (30-I-1938). Son poemas dunha musa civil e belixerante que ben quixera para si te-lo talento e os acertos da de Curros Enríquez. De José María Acebo non hai outros datos nin coñecemos outros textos. Polos publicados en *Nueva Galicia* sabemos que era galego e que xa non era un home novo (“Yo, para mi desgracia, no soy joven”⁶). Por outra parte, sospeito que viviu tempo en Asturias xa que algúns asturianismos lingüísticos atópanse nos seus versos. Afiliado ou non ó Partido Comunista, o Partido que gobernaba este semanario frentepopulista, escribe versos coma estes: “Deja tu pesimismo / y lucha por

traer / con el pan del estómago / el gran pan del saber. / Dios es el Socialismo / en que hemos de creer / porque es verdad probada / y un pueblo hay que cn él / vive en paz y dichoso: / Nuestro Dios ése es”⁷.

Os trece poemas publicados en *Nueva Galicia* están en castelán, agás dúas estrofas dun deles, o titulado “Gallegazas y gallegazos”⁸, dedicado a Enrique Líster, “mi valiente paisano”, co gallo do seu ascenso a tenente coronel do exército republicano. O poema, en castelán, nas dúas primeiras estrofas, convértese nun poema en galego nas estrofas 3 e 4, para continuar, ata o final, en castelán. Velaquí os versos galegos, únicos que coñecemos de José María Acebo:

O currunchiño meigo de amorosos arrulos
 donde sendo nenínos, cal años rebrincamos
 donde a nosa naiciña bicounos tantas veces
 e que aínda garda as huellas dos primeiriños pasos.
 I a cova dos velliños i os bicos das rapazas
 i os recordos daqueles que hoxe estarán chorando
 porque xa non nos ven e que tampouco saben
 o que foi de nosoutros, que por eles loitamos.

¡Curioso artificio lingüístico! De tódolos xeitos, repárese no feito de que as dúas estrofas en lingua galega son as máis vencelladas á familia e ó lugar natal, escenarios nos que o cantor e o cantado -este, con toda seguridade- producíanse nese idioma.

2. Curros na pluma dun poeta galego antifranquista de Buenos Aires: Xervasio Paz Lestón

Dos poetas da Diáspora galega, o primeiro, no xénero e no tempo, é Paz Lestón (Muxía, 1898-Buenos Aires, 1977), escritor magnificamente estudado por Miro Villar⁹. En setembro de 1952 publica o soneto “A Curros Enríquez”¹⁰, no que solicita o concurso do gran poeta para bater na tiranía:

Loitador de valente rebertía,
 que fixestes do verso luz e tralla
 e batendo no rosto da canalla
 aluzastes na Terra novo día;

nestas horas de torpe hipocresía
 en que a moura reacción forxa a metralla

pra darlle á Liberdá feroz batalla,
ven connosco a bater á tiranía.

Que lostregue teu estro diamantiño
con trallazos de cívicos fulgores
que alumíen dos pobos o camiño,

mentras bata as meixelas dos treidores,
¡pra que a patria acade seu destino
liberta de tiráns i entregadores!

A mesma idea fórmúlaa, máis polo miúdo, noutro poema contemporáneo e do mesmo título¹¹. Nel repite algúns dos recursos que vimos de ver no soneto:

Poeta civilista da rexa rebertía
que, a un tempo, luz e tralla fixestes da poesía
pra redimir o escravo fogar de Breogán:
nestas tebrosas horas de fera tiranía
teu numen convocamos a prol do noso chan.

Empréstalle teus azos á Patria hoxe abafada
baixo as sangrentas poutas da hena galonada
i os lobos montesíos que ouvean no arredor,
pra que ela se erga outiva -reberte anque calada-,
pese a sinistra “doma” do tráxico terror.

E inspíranos na xeira que pola sagra Terra
sostemos os que odiamos falar da nova guerra
-¡doutro festín macabro de “gangsters” e ladróns!-;
que, alerta, donde é libre, xa a humanidade berra
marcando aos guerreiristas de tódalas nacións.

¡Sabe ela que na loita coas forzas progresistas
caeron os dous xefes dos nazis e feixistas,
mais goza seu compadre do premio da traición
i as falsas democracias de afáns imperialistas
abáixanlle a monteira con torpe adulación...!

Simula medo a un golpe da Rusia comunista

e fai sin disimulo seu xogo imperialista
 coa roupa e o pan dos pobres, o avaro Tío Sam;
 pretende imporlle aos pobos a carga armamentista
 ¡pra el ser único dono nos días de mañán!

¡I hai que desmascaralo, salvando da miseria
 dous mil millóns de seres -entre eles os de Iberia-;
 da miseria e da anguria do cotidián vivir
 baixo o terror á guerra, poñendo fin a histeria
 que nos retarda os días felices do porvir!

Paz Lestón, que foi, en moitas ocasións, un poeta civil, é autor de poemas nos que postula este tipo de poesía. Xa o facía en 1925 -na Dictadura de Primo de Rivera- en “Compride a misión, poetas”¹² con versos coma estes:

¿Que fan os bardos gallegos
 nestes días vergoñosos,
 do nobre don?...
 Cantan romances de cegos
 ou madrigales chorosos
 ¡Ah, corazón!

Neste poema sobre a misión dos poetas só un nome é invocado: o de Curros Enríquez:

Sombra de Curros tonante,
 sosega, non te avergonces
 desto que ves;
 coa cadea infamante
 márchase hoxe cal entonces,
 culpa non tes!...

En 1953¹³, Paz Lestón é moi consciente de que os poetas da Terra non poden ergue-la espada da denuncia, o que, si, poden face-los que, coma el, escriben en países con máis liberdade:

Pro nós que estamos ceibes
 percuremos suplilos na laboura
 que non poden cumprir,

entonando, por todos, rexos cantos
con voces craras e sinxelas verbas.

Xa aquí, este poeta “ceibe” aclara:

Máis que nunca, as concencias
“queren revelacións e non misterios”.

O poeta emigrante cita, sen dúbida, a Curros, ó Curros que, na “Introducción” de *Aires da miña terra* (1880), expuña o seu programa poético:

As xentes tristes...
[...]
cando ó vate interrogan, novo oráculo,
queren revelacións, que non misterios.

Tamén Paz Lestón aclara, de contado, na estrofa final, quen é o autor do verso entrecomillado:

¡Que esta frase do gran celanovense
nos sirva como lema no futuro
e que o numen xenial do rexo Bardo
sexa noso guieiro e nos inspire!¹⁴

Seis anos despois, en 1959¹⁵, Paz Lestón ten presente “o enxebre numen do tronante Curros” para propoñelo como guía que deben segui-los poetas de hoxe, poetas que teñen a obriga de arrepoñérense:

¡Que o eiselso espírito que viveu loitando
contra o mostro feroz das tiranías
inspire as voces dos aedas novos
que sorcan na Terra ou pelegrian!
¡Que os delores da Patria hoxe en silencio
tremen nas cordas das noveles liras
deica soerguer ó pobo en odio santo
que, tras roxas auroras, o rediman!

Agora, xa en 1959 -un tempo menos arriscado, na Galicia interior, para o exercicio da poesía contestataria-, Paz Lestón recomenda escribir á maneira belixerante de Curros

(“o eiscelso esprito que viveu loitando / contra o mostro feroz das tiranías”) non só ós poetas do exilio exterior senón tamén ós do exilio interior:

inspire as voces dos aedas novos
que sorcan na Terra ou pelegrinan.

3. Outros poetas da Diáspora galega

A comezos de 1952, *Galicia* (o semanario da Federación, tan belixerante co franquismo), publica “Ó mestre (Curros)”¹⁶, poema asinado por “Asimedres” en “A Cruña, xaneiro de MCMLII”. Trátase dun escritor que escribe no exilio interior e que publica, sen identificarse (tal era o risco), no exilio exterior. O poema, literariamente ben frouxo, contén versos coma estes:

Agora que xa estás no mundo da Verdade,
faimo chegar, ¡ouh Mestre!, canto debo decir eu,
pra escribir entón con toda libertade
o que faguer debera Galiza ó bardo seu.

Non sabemos quen é “Asimedres” a quen non se debe confundir con “Asieumedre”, que é Manuel Lugo Freire, poeta doutras virtudes.

Emigrante é Bernardo Souto que publica, no mesmo periódico, en 1951¹⁷, nun número dedicado ó noso poeta, “Dende o ceo da Túa Inmortalidade”, onde estampa afirmacións coma esta:

Cómo doen a túa señardá i os teus alterosos soños,
herdo querido i anceiado,
a carón da paisaxe entrañábel, humán,
decote verde, i arestora irta e desolada.

En 1958, cincuentenario da morte do Rebelde, un poeta exiliado en México, Florencio Delgado Gurriarán, envía ó mesmo semanario o poema “Galiza ergueita”¹⁸ dedicado “A Curros, poeta da libertade, no meio século do seu pasamento”. Dirixíndose a Galicia, descríbea así:

pois voltas a sofrer o pesadelo
que outrora impuxo a Curros a pauliña.

Pero o autor, dirixíndose a Curros Enríquez, expresa esta esperanza:

Mais isto ha de findar, ¿nonsí, poeta?
que fitas dende o alén prá Nai doorida.

Finalizamos este traballo cun soneto, inédito, de Avelino Díaz (Santa Comba de Orrea, Riotorto, 1897-Buenos Aires, 1971):

A CURROS ENRÍQUEZ

Terías que voltar a istes amentes
a desfacer os erros coas verdades
diutando túa leución ás mocidades
e sinando as consinas ós valentes.

Ti, que dabas ensinós tan podentes,
o bon grau sementando nas herdades
e pulo lles donando ás liberdades,
retorna pra ceibar novas sementes.

Terías que chegarte ós nosos días
pra facer, coma un férvedo Isaías,
as rexeitas dos vezos i os pecados.

¡Muita falla nos fai a voz reutora,
pois quizabes non haxa nesta hora
bardos que, coma ti, sexan ousados!

Non sabémo-la data, que tamén ignora Marivel Freire¹⁹, especialista neste tema, a quen debo o soneto que veño de reproducir.

Avelino Díaz, que tamén exercitou, ás veces, a musa civil, bota de menos, como outros poetas emigrantes do seu tempo, a voz ousada dun bardo como Curros Enríquez.

NOTAS

1. *Nueva Galicia* 9, Madrid, 11-VII-1937.
2. *Id.*, 7, 27-VI-1937.
3. “Unha morte lanzal”, *Nova Galiza* 5, Barcelona, 15-VI-1937. (Asinado: Félix Muriel).
4. *Vid.* Alonso Montero, Xesús, “Inmolados: 23 de abril de 1937”, *La Voz de Galicia*, 24-IV-1997.
5. Desta revista, que publicou 54 números (17-V-1937 a 10-XII-1938) en Madrid e Barcelona (desde o 38), hai ed. facsimilar (Edición do Castro, 1997).
6. *Nueva Galicia* 14, 5-IX-1937.
7. “La fiera humana”, *id.*, 30, 12-XII-1937.
8. *Id.*, 34, 9-I-1938.
9. Villar, Miro, *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón. Edición e estudio*, Edición do Castro, 1998.
10. *Galicia (Federación de Sociedades Gallegas)*, Buenos Aires, 30-IX-1952. (En Miro Villar, *op. cit.*, p. 380).
11. *Alborada* 154, Buenos Aires, xullo-set. 1952. (En Miro Villar, *op. cit.*, pp. 378-79).
12. *Correo de Galicia*, Buenos Aires, 18-I-1925. (En Miro Villar, pp. 182-85).
13. “Revelacións e non misterios”, *Alborada* 156, Buenos Aires, 1953 (feb.-maio).
14. Sobre este poema e semellantes, *vid.* Alonso Montero, Xesús, “*Manifestos*” en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da Posguerra na Galicia da Terra e na Galicia emigrante (1939-1962), A Coruña, Real Academia Galega, 1993.
15. “Agoiramento”, *Eufonía* 2, Buenos Aires, 1959.
16. *Galicia*, 15-II-1952.
17. *Id.*, 10-IX-1951.
18. *Id.*, 20-IV-1958.
19. Autora de “Avelino Díaz e Castelao”, *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano*, Edición do Castro, 1999, pp. 339-414.